

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

EXTRACTO da Resolución do 23 de abril de 2020 pola que se convocan para o ano 2020 as axudas para a concesión de subvencións para o fomento da participación galega no Programa marco de investigación e innovación da Unión Europea, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN607F). (Axudas para preparación de propostas de calidade ao Programa marco).

BDNS (Identif.): 505033.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán ter a condición de beneficiarios, segundo o artigo 3 da convocatoria e das bases reguladoras, pemes e organismos de investigación e difusión. Deberanse ter en conta, ademais, as definicións recollidas no anexo I das bases reguladoras.

Non poderán ser beneficiarias delas aquelas entidades que, pola actividade que desenvolvan ou o sector a que pertencen, se atopen entre as excepcións recollidas no artigo 1.1 do Regulamento (UE) 1407/2013 relativo ás axudas *de minimis*.

Segundo. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto aprobar a convocatoria para o ano 2020 da liña 1 das axudas para o fomento da participación galega de calidade no Programa marco da Unión Europea:

– Liña 1 (código de procedemento administrativo IN607F): axudas para actividades de preparación de propostas de calidade, tanto de xeito individual como en consorcio, ao Programa marco de investigación e innovación. Consideraranse propostas de calidade aquelas que acadaron no proceso de avaliación da convocatoria do Programa marco á cal concorreron unha puntuación superior ao 75 % da nota máxima establecida.

CVE-DOG: 2tjx6p7-uwj3-7tb4-qjw0-zzs1ovwn1170



Deberase ter en conta, ademais, o resto de condicións e requisitos incluídos no artigo 1 da convocatoria.

Terceiro. *Convocatoria de axudas*

A concesión destas axudas realizarase a través dun réxime de concorrència non competitiva. Considerase a orde de presentación de solicitudes como único criterio de concesión, unha vez que se comprobe o cumprimento dos requisitos de subvencionabilidade previstos na convocatoria e nas bases reguladoras (DOG do 11.7.2019). Deste xeito, as solicitudes atenderanse por orde cronolóxica ata o esgotamento do crédito consignado, considerándose como data de presentación aquela en que unha solicitude reúna toda a documentación requirida, unha vez emendadas todas as posibles deficiencias.

Cuarto. *Contía*

As axudas que se convocan concederanse en forma de subvención como unha porcentaxe do investimento subvencionable cun importe máximo do 80 % deste investimento. Deberanse, ademais, ter en conta os límites incluídos no artigo 13 das bases reguladoras segundo o tipo de convocatoria do Programa marco a que se presentou a proposta e o rol do solicitante nela.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria, e permanecerá aberta ata o 30 de novembro de 2020 ou ata o esgotamento dos fondos asignados no caso en que se produza con anterioridade a esta data.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2020

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: 2tjx6p7-uwj3-7tb4-qjw0-zzs1owwn1170

